



Número Expte.: DH.A36.16688

Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2012.—A Subdirectora Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, Pilar M. Ibeas Rollán. **2012005418**

A N U N C I O

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 6 de xuño de 2012 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle á Granxa Carmelita, S.C., unha concesión dun caudal de auga de 0,60 l/s procedente de dous mananciais, situados no lugar de Castro na parroquia de Santa Comba (San Xoán), no concello de Agolada (Pontevedra), con destino á uso doméstico, gandeiro e rega.

Número Expte.: DH.A36.16798

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2012.—A Subdirectora Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, Pilar M. Ibeas Rollán. **2012005864**

A N U N C I O

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 29 de xuño de 2012 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle á Comunidade de Usuarios de Tomada das Herbas unha concesión dun caudal de auga de 0,25 l/s procedente dun manancial situado nos montes da parroquia de Armenteira, na parroquia de Armenteira (Santa María), no concello de Meis (Pontevedra), con destino a uso doméstico.

Número Expte.: DH.A36.15200

Santiago de Compostela, a 29 de xuño de 2012.—A Subdirectora Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, Pilar M. Ibeas Rollán. **2012006711**

ADMINISTRACIÓN LOCAL
DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A N U N C I O

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 20 de xullo de 2012, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A CONSERVATORIOS DE MÚSICA NON DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E DE TITULARIDADE PÚBLICA

O art. 64.2º da Lei orgánica 10/2002, de 23 de decembro (BOE de 24 de decembro), de calidade da educación clasifica como centros docentes públicos aqueles que teñen como titular un poder público. Así pois, os conservatorios de música dependentes de concellos teñen a consideración de centros públicos.

Esta Deputación é consciente de que determinados concellos da nosa provincia veñen desenvolvendo un importante labor coa iniciativa de creación e co sostemento de centros públicos que imparten as



ensinanzas regradas de música que sinala o artigo 39.1º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

En consonancia coa política desta Deputación, en vista da crecente demanda das ensinanzas de música e coa finalidade de prestarlles apoio ás iniciativas doutros entes públicos para o fomento, difusión e extensión destas ensinanzas, a Deputación establece as bases reguladoras de concesión de axudas a conservatorios de música:

1. *OBXECTO*

Esta convocatoria vai destinada a subvencionar o funcionamento, no desenvolvemento das súas actividades docentes, dos conservatorios non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e de titularidade pública que radiquen na provincia de Pontevedra, durante o ano 2012.

O importe total das axudas será de cento cincuenta e dous mil douscentos euros (150.000,00 €) que se financiarán con cargo á aplicación 12/330.323.462.04 do orzamento provincial para o ano 2012.

2. *SOLICITANTES*

Poderán solicitar estas axudas os titulares dos conservatorios de música sinalados no punto anterior que contén coa correspondente autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao final do prazo establecido para a presentación de solicitudes e que radiquen na provincia de Pontevedra.

3. *LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES*

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral da Deputación:

- Sede de Pontevedra: Avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
- Sede Vigo: Rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

Ou tal e como establece o artigo 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte da publicación da presente convocatoria no boletín oficial da provincia e rematará o 30 de setembro de 2012.

4. *DOCUMENTACIÓN*

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados, que se facilitarán no Rexistro xeral da Deputación, no Servizo de Cultura ou na páxina web da Deputación: www.deponevedra.es, achegando ademais a seguinte documentación:

- a) Orzamento que dedica o concello para o Conservatorio asinado polo Interventor/a, detallado por conceptos.
- b) Relación de persoal docente e non docente, debidamente asinado
- c) Número de alumnos matriculados no curso 2011/2012, detallado por especialidades ou materias, debidamente asinado
- d) Certificado da conta bancaria a nome do solicitante
- e) Declaración de ter solicitado, ou non, axuda para a mesma finalidade doutras entidades
- f) Declaración de non estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas e de aceptar as bases da convocatoria
- g) Declaración responsable de estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

5. *VALORACIÓN DAS SOLICITUDES*

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para a súa adxudicación, os seguintes criterios:

1. Número de alumnos matriculados no curso 2011/2012, ata 25 puntos.



2. Número de profesores, ata 15 puntos.
3. Orzamento do conservatorio, ata 35 puntos.
4. Grao de desenvolvemento artístico na zona, ata 25 puntos.

As propostas de concesión destas axudas someteranse ó ditame da Comisión Informativa de Cultura e á aprobación do órgano de goberno competente.

Transcorridos tres meses, a partir do día seguinte en que remate o prazo de presentación da solicitude, sen que os interesados obteñan resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

A Deputación poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos solicitantes.

6. *PAGAMENTO*

As subvencións estarán condicionadas aos orzamentos dispoñibles e irán destinadas a financiar operacións correntes (gastos de funcionamento e profesorado).

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta bancaria sinalada pola entidade.

O beneficiario da subvención para efectos de xustificación deberá remitir:

- Certificado acreditativo de toma de razón na contabilidade da entidade do dereito a percibir a axuda, asinado polo secretario ou polo interventor, de acordo co establecido na base 25ª.8ª – 2.f) de execución do orzamento desta Deputación para o ano 2012.
- Conta xustificativa, asinada polo secretario ou polo interventor, na que se relacionen os gastos de funcionamento do Conservatorio, axustándose os conceptos establecidos no orzamento remitido coa solicitude.
- Declaración de que os xustificantes están a disposición da Deputación para a súa comprobación e que o importe das axudas concedidas non superan o importe total do orzamento consignado para os gastos de funcionamento do Conservatorio.
- Declaración responsable de que se fixo a debida divulgación do financiamento pola Deputación da actividade subvencionada.

A xustificación deberá presentarse antes do 31 de marzo de 2013.

7. *OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS*

Nas comunicacións, escritos e propaganda dos conservatorios de música que obteñan axuda, deberá figurar o logotipo da Deputación de Pontevedra.

8. *ÓRGANO COMPETENTE PARA A APROBACIÓN DE BASES*

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do orzamento para 2012 e dando cumprimento ó establecido no art. 18 da Lei xeral de subvencións, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

9. *DEREITO SUPLETORIO*

Para o non previsto nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, de 18/11/03) e demais lexislación de desenvolvemento.

Pontevedra, a 23 de xullo de 2012.—O Xefe do Servizo de Cultura, ilexible..

2012007118